

# Emprego digno, non á Reforma Laboral

---

Nos últimos anos desenvólvese un proceso de Reforma Laboral Permanente. Os gobernos contan á sociedade que é para mellorar a calidade do emprego e para crear postos de traballo, pero a realidade é que **cada capítulo deste proceso significa unha volta atrás**, unha perda de dereitos laborais para a clase traballadora.

En **1994** legalizaron as Empresas de Traballo Temporal e rebaixaron dereitos de traballadores e traballadoras para facilitar os despidos colectivos, as mobilidades xeográfica e funcional e crear novas posibilidades de contratación precaria.

En **1996** recortaron as pensións da Seguridade Social. En **1997** abarataron o despido individual e regalaron unha inxente cantidade de cartos á patronal polo simple feito de que cumprise a legalidade, convertindo en estables os postos de traballo temporais feitos en fraude de lei.

**Agora, o 2 de marzo**, o goberno impón unha nova reforma que, ademáis de prorrogar por catro anos polo momento, as medidas máis negativas do ano 1997, rebaixa a regulación legal dos contratos a tempo parcial, co que case calquera posto de traballo pode ser cuberto con este tipo de contratación incompleta e as persoas así contratadas estarán sometidas a unha xornada irregular e cambiante segundo o interese do empresario.

Para o futuro próximo anúnciase xa un novo **recorte das pensións**, a **privatización** das oficinas de emprego e o **desarme dos convenios colectivos** como instrumento de defensa e mellora da situación dos traballadores e traballadoras.

**A desculpa de que todo isto faise para rematar coa contratación precaria é a grande mentira do goberno.** Se nos catro últimos anos, as medidas de 1997 non conseguiron reducir a contratación temporal (En Galiza, mesmo medrou a taxa de temporalidade, desde o 33% de antes da reforma ata o 34,5% actual) ¿por qué razón van a ser agora eficaces as mesmas medidas?.

Nesta escalada de agresións ós nosos dereitos laborais, resulta particularmente desastroso

**¡ mobilicémonos o 22 de marzo !**



Confederación Intersindical Galega  
[www.galizacig.com](http://www.galizacig.com)

para os intereses obreiros, que as cúpulas dirixentes dos sindicatos de ámbito estatal, nunha actitude derrotista e de entrega, negocien desde a debilidade, con secretismo e sen presionar con mobilizacións, para rematar desarmadas ante a imposición do goberno ou, o que é peor, avalando á dereita en pactos como os de 1996 e 1997.

Na C.I.G. pensamos que é posible abordar, desde unha **actitude reivindicativa e mobilizadora**, outras políticas con medidas que non signifiquen novos retrocesos, senón que sexan eficaces para a superación do inaceptable nivel de precariedade, escandaloso en relación ás taxas dos países de noso contorno e prexudicial, xa non só para a calidade de vida das persoas, senón para a propia produtividade das empresas.

**É necesario mobilizarse fronte a tanto ataque ós dereitos da clase traballadora.** Por eso, a CIG inicia ese camiño de mobilización o próximo 22 de marzo, con manifestacións en tódalas cidades galegas e a chamada a unha grande Xornada Nacional de Loita para o próximo Outono, preparatoria da Folga Xeral, cada día máis necesaria para frenar as agresións do goberno da dereita e a patronal. Sen caer no derrotismo, con confianza nas forzas de cambio que residen na clase traballadora, é posible cambiar o rumbo das cousas. Por iso, é moi importante a participación de todos e todas nestas manifestacións.

## Manifestacións

<b>A CORUÑA</b>	<b>ÁS 20,00H NA PRAZA DA PALLOZA</b>
<b>VIGO</b>	<b>ÁS 19,30H NA PRAZA DE FERNANDO O CATÓLICO</b>
<b>SANTIAGO</b>	<b>ÁS 20,30H NA PRAZA DE CERVANTES</b>
<b>OURENSE</b>	<b>ÁS 20,00H NO PAVILLÓN DE DEPORTES</b>
<b>FERROL</b>	<b>ÁS 20,00H EN EDUARDO PONDAL (SEDE CIG)</b>
<b>LUGO</b>	<b>ÁS 19,30H NA RONDA DA MURALLA (SEDE CIG)</b>
<b>PONTEVEDRA</b>	<b>ÁS 20,00H NA PRAZA DA FERRERIA</b>
<b>BURELA</b>	<b>ÁS 12,00H DIANTE DO CENTRO DE SAUDE</b>

**i mobilicémonos o 22 de marzo !**



Confederación Intersindical Galega  
[www.galizacig.com](http://www.galizacig.com)